



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 8 DE XUÑO DE 2011**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vázquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dna.Rosa Ana Marcote Guillén Dna.María Iglesias Fernández Dna. María de los Angeles Silva González Dna.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dna.María Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dna.Laura Míguez Pérez Dna. Teresa Pérez Vieira D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>NON ASISTIU:</u>	D.Manuel A.González Marcote
<u>SECRETARIA:</u>	Dna.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dna.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a oito de xuño de dous mil once, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as catorce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Acta de 2 de xuño de 2011.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na intervención do SR.VILAR, na páx.6, liña 15, onde pon: ...cando o Sr.Xose Euloxio.....", non é "Xose Euloxio" senón que é "*Eudosio*".

Feita esta intervención, acordase a revisión da intervención do Sr.Alcalde na páxina 8 da citada acta do 2 de xuño de 2011.

Non habendo máis intervencións apróbbase por unanimidade a acta do 2 de xuño de 2011.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Quixera pedir desculpas por se algunha vez fixen algo mal; se así foi, nunca o fixen de maneira malintencionada. Grazas a todos.

SRA.PEREZ VIEIRA, PSOE.- Grazas a todos; tamén eu quero pedir desculpas por se algunha vez dixen algo que ó mellor non debín dicir; todos pensamos distinto porque estamos en partidos distintos. De tódolos xeitos seguiremos pelexando por Baiona aínda que non estamos na Corporación. Moitas grazas.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e vintecinco minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria, CERTIFICO.